I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

DECRETO 42/2014, do 27 de marzo, polo que se modifica o Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios.

O artigo 33.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1983, do 6 de abril, atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia de desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado en materia de sanidade interior.

O Real decreto 1634/1980, do 31 de xullo, sobre transferencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de traballo, industria, comercio, sanidade, cultura e pesca, no seu artigo 33.g), transfire á Xunta de Galicia o outorgamento da autorización para a creación, construción, modificación, adaptación ou supresión de centros, servizos e establecementos sanitarios de calquera clase ou natureza, incluídos os balnearios e as entidades do seguro libre de asistencia médico-farmacéutica.

Mediante o Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, establecéronse as bases xerais do procedemento de autorización, así como unha clasificación, denominación e definición común para todos eles, creando o catálogo e rexistro xeral, con independencia da súa clase ou natureza.

Como consecuencia do anterior, ditouse o Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios, que contén a normativa autonómica aplicable na materia.

Con base na experiencia adquirida desde a súa entrada en vigor, a realidade existente e a análise efectuada, obxectívase a necesidade de modificar a regulación actual no que atinxe á tramitación das autorizacións relativas a centros, servizos e establecementos sanitarios, de conformidade cos principios e criterios establecidos a nivel supranacional que, aínda que non aplicables en toda a súa extensión á materia que nos ocupa, reflicten a tendencia a favorecer a liberdade de prestación de servizos e a liberdade de establecemento no mercado interior, así como a simplificar no posible os procedementos que teñan que ver co exercicio daquelas liberdades. Por outra banda, a modificación tamén responde ao

CVE-DOG: hddadp41-ofw5-djr4-4qr3-nxgqrovmo7b4

recollido nos artigos 39 bis e 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, engadidos pola Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, que implica a redución das cargas administrativas e dos prazos legais efectivos na tramitación dos procedementos regulados.

Para acadar o antedito, debe procederse á simplificación dos procedementos administrativos canto á tramitación das autorizacións reguladas modificando a redacción actual do artigo 5, número 1, dos artigos 9 e 10, e o parágrafo 1 do número 1 do artigo 18, así como dos anexos de solicitude das ditas autorizacións. Suprímense o número 1 do artigo 7, o número 3 do artigo 8 e o número 2 do artigo 13.

Mediante a simplificación de trámites, contribúese a facer da Administración unha organización máis áxil, menos burocratizada e, por tanto, máis económica e austera. Redúcense de forma considerable os tempos de resolución dos expedientes administrativos, adaptándoos ás distintas situacións que se dan na realidade, e permítese á cidadanía e ás empresas aforrar en tempos de espera. Así mesmo, a Administración pode cumprir estritamente cos tempos marcados no procedemento administrativo para resolver e, ao mesmo tempo, manter un control dos centros, servizos e establecementos, unha vez autorizados.

Nesta mesma liña de simplificación da relación entre o cidadán e a Administración facéndoa máis áxil e fluída, elimínase a posibilidade de presentación das distintas solicitudes de autorización en formato papel. A presentación realizarase en sede electrónica, de conformidade co establecido no Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos e demais normativa que os desenvolve.

Por tanto, de conformidade co exposto, por proposta da persoa titular da Consellería de Sanidade, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co ditame do Consello Con-

CVE-DOG: hddadp41-ofw5-djr4-4qr3-nxgqrovmo7b4

sultivo de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e sete do marzo de dous mil catorce,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios*

O Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios, queda modificado como segue:

Un. O número 1 do artigo 5 queda redactado como segue:

«Artigo 5. *Solicitude de autorización*

1. A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario electrónico normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (https://sede.xunta.es), de conformidade co establecido nos artigos 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24.2 do Decreto 198/2010 polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A documentación complementaria poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010 polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente do formulario principal, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

No caso de que algún dos documentos que vai presentar a persoa solicitante de forma electrónica, supere os tamaños límite establecidos pola sede electrónica, permitirase a

CVE-DOG: hddadp41-ofw5-djr4-4qr3-nxgqrovmo7b4

presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos. Para iso, e xunto co documento que se presenta, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro. Na sede electrónica da Xunta de Galicia publicarase a relación de formatos, protocolos e tamaño máximo admitido da documentación complementaria para cada procedemento.

Na sede electrónica encóntranse publicados os formatos admitidos para a presentación de documentación. Se o solicitante desexa presentar calquera documentación en formatos non admitidos, poderá realizalo de forma presencial a través de calquera dos rexistros habilitados. A persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

Dous. Suprímese o número 1 do artigo 7.

Tres. Suprímese o número 3 do artigo 8.

Catro. Modifícase o artigo 9, que queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 9. *Tramitación da autorización de funcionamento*

1. Na autorización de funcionamento de centros, servizos e establecementos sanitarios o procedemento que se seguirá será o seguinte segundo o centro, servizo ou establecemento de que se trate:

a) No caso dos hospitais (C.1); centros de saúde (C.2.3.1); centros especializados (C.2.5) con excepción dos centros de recoñecemento médico (C.2.5.10); os servizos sanitarios integrados nunha organización non sanitaria (C.3) e os centros ou servizos que entre as súas actividades asistenciais realicen sedación, procesos diagnósticos e/ou terapéuticos complexos, e/ou dispoñan da unidade asistencial de depósito de medicamentos, o Servizo de Planificación, Aseguramento e Ordenación Sanitaria da Xefatura Territorial correspondente da Consellería de Sanidade, unha vez comprobada e analizada a documentación presentada, dará traslado do expediente ao Servizo de Inspección de Servizos Sanitarios da súa provincia, que deberá comprobar as condicións e requisitos técnico-sanitarios establecidos legalmente a través da visita de inspección, da que levantará acta, e realizará o informe proposta de concesión ou denegación da autorización sanitaria que

CVE-DOG: hddadp41-ofw5-djr4-4qr3-nxgqrovmo7b4

corresponda, sendo a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade competente para a súa resolución.

b) Para aqueles centros ou servizos que pola súa actividade asistencial non estean incluídos na alínea anterior, que, revisando a documentación, correspondan a centros dun/dunha único/a profesional, sen complexidade ou polivalentes, o Servizo de Planificación, Aseguramento e Ordenación Sanitaria da Xefatura Territorial correspondente da Consellería de Sanidade, previa comprobación e análise documental, elaborará un informe proposta de concesión ou denegación da autorización baseado no cumprimento documental e na declaración responsable do seu titular ou do representante legal do cumprimento dos requisitos técnico-sanitarios establecidos legalmente e, non será precisa a visita de inspección previa á resolución de autorización solicitada salvo no caso de que a súa normativa específica ou os plans de inspección da Consellería de Sanidade o exixan. Á vista do dito informe, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade resolverá a solicitude.

c) Para os establecementos sanitarios e os centros de recoñecemento médico (C.2.5.10), o Servizo de Planificación, Aseguramento e Ordenación Sanitaria da Xefatura Territorial correspondente da Consellería de Sanidade, previa comprobación e análise documental, emitirá un informe proposta de concesión ou denegación da autorización baseado no cumprimento documental e na declaración responsable do seu titular ou do representante legal do cumprimento dos requisitos técnico-sanitarios establecidos legalmente e, non é precisa a visita de comprobación previa á resolución de autorización sanitaria. A persoa titular da xefatura territorial que proceda ditará a resolución de concesión ou denegación da autorización.

2. Se desde o Servizo de Planificación, Aseguramento e Ordenación Sanitaria da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade e/ou desde o Servizo de Inspección de Servizos Sanitarios se require a persoa interesada para que, nun prazo sinalado, corrixa as deficiencias detectadas, suspenderase automaticamente o prazo para resolver e notificar a resolución de funcionamento, conforme o previsto no artigo 42.5.a) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. No caso dos establecementos de ortopedia e óptica, nas resolucións de autorización farase constar expresamente se se dispensan produtos que requiren adaptación individualizada e/ou fabricación á medida.

CVE-DOG: hddadp41-ofw5-djr4-4qr3-nxgqrovmo7b4

4. Para a autorización dos centros e/ou servizos sanitarios integrados en centros, servizos ou establecementos de titularidade pública, poderanse establecer convenios, acordos ou instrucións para axilizar o procedemento indicado no número 1 deste artigo, garantindo sempre o cumprimento dos requisitos técnico-sanitarios establecidos na normativa de aplicación».

Cinco. Modifícase o artigo 10, que queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 10. *Vixencia e renovación da autorización de funcionamento*

1. A autorización de funcionamento terá unha vixencia de 10 anos, salvo naqueles casos en que a súa lexislación específica estableza outra vixencia. Para os centros, servizos ou establecementos recollidos nas alíneas b) e c) do artigo 9.1 estará condicionada á comprobación do cumprimento dos requisitos técnico-sanitarios.

Nos centros ou servizos a que fai referencia o artigo 9.1.b), a dita comprobación efectuarase mediante visita de inspección realizada por persoal do Servizo de Inspección de Servizos Sanitarios, e nos establecementos ou centros de recoñecemento aos que fai referencia o artigo 9.1.c), a dita comprobación será efectuada por persoal do Servizo de Planificación, Aseguramento e Ordenación Sanitaria da xefatura territorial que corresponda.

O persoal actuante levantará acta e fará constar nela a conformidade ou non coa autorización de funcionamento outorgada. A conformidade implicará automaticamente o mantemento da vixencia da autorización emitida con anterioridade.

Nos casos en que se detecten desconformidades, concederase á persoa ou entidade titular do centro, establecemento ou servizo sanitario un prazo para corrixir as deficiencias detectadas e, verificada a súa corrección, manterase a vixencia da autorización.

No caso contrario, en función das desconformidades que persistan, darase traslado de todo o actuado ao órgano competente para resolver, xunto cun informe proposta de suspensión de actividade e/ou revogación da autorización baseado no incumprimento dos requisitos técnicos-sanitarios establecidos legalmente.

2. A renovación da autorización de funcionamento deberá solicitala a persoa interesada cunha antelación mínima de tres meses á data de finalización da súa vixencia e seguirá os mesmos trámites que as respectivas autorizacións de funcionamento.

CVE-DOG: hddadp41-ofw5-djr4-4qr3-nxgqrovmo7b4

3. A renovación da autorización de funcionamento dos centros, servizos e establecementos sanitarios de titularidade do Servizo Galego de Saúde ou da Consellería de Sanidade realizarase de oficio».

Seis. Suprímese o número 2 do artigo 13.

Sete. Modifícase o parágrafo 1 do número 1 do artigo 18, que queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 18. *Prazo de resolución e falta de resolución expresa*

1. O prazo máximo para resolver as solicitudes de autorización a que se refire o presente decreto é de cinco meses, contados desde a data de presentación da solicitude ante o órgano competente para a súa tramitación, prazo que poderá ser suspendido nos supostos previstos no artigo 42.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común».

Oito. Suprímese o anexo I, que quedará substituído, en cada caso, polos seguintes anexos: anexo IA, de solicitude de autorización de instalación, anexo IB, de solicitude de autorización de funcionamento, renovación e/ou modificación e anexo IC, de solicitude de peche.

Disposición adicional única

As referencias ás delegacións provinciais da Consellería de Sanidade contidas no Decreto 12/2009 e nos seus anexos entenderanse realizadas no sucesivo ás xefaturas territoriais da Consellería de Sanidade.

Disposición transitoria primeira

Para os expedientes administrativos de solicitude de autorización iniciados antes da entrada en vigor deste decreto e que estean en fase de tramitación na xefatura territorial correspondente, seguirase o procedemento indicado neste decreto.

Disposición transitoria segunda

No caso dos laboratorios de análises clínicas con autorización de funcionamento anterior ao 24 de outubro de 2003, a presentación da documentación xustificativa da titulación

CVE-DOG: hddadp41-ofw5-djr4-4qr3-nxgqrovmo7b4

da dirección técnica do centro, no caso de renovación da autorización ou traslado do local, poderá ser substituída pola presentación dunha declaración responsable en que se acredite a continuidade do mesmo responsable facultativo que estaba no momento da autorización de funcionamento do centro.

Disposición derradeira primeira

A vixencia da autorización sanitaria de dez anos aplicarase nas resolucións de autorización a partir da entrada en vigor deste decreto, mantendo os centros, servizos e establecementos autorizados a data de vixencia que aparece na resolución de autorización outorgada.

Disposición derradeira segunda

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da su publicación no *Diario Oficial de Galicia.*

Santiago de Compostela, vinte e sete de marzo de dos mil catorce

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Rocío Mosquera Álvarez
Conselleira de Sanidade

CVE-DOG: hddadp41-ofw5-djr4-4qr3-nxgqrovmo7b4

DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 71 Venres, 11 de abril de 2014 Páx. 16389

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO IA

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE CENTROS, SERVIZOS E ESTABLECEMENTOS SANITARIOS	**SA101J**	**SOLICITUDE**

DATOS DA ENTIDADE TITULAR SOLICITANTE

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL | NIF

TIPO DE VÍA | NOME DA VÍA | NÚMERO | BLOQUE | ANDAR | PORTA

CP | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

TELÉFONO | FAX | CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

EN CALIDADE DE

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA | NOME DA VÍA | NÚMERO | BLOQUE | ANDAR | PORTA

CP | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

TELÉFONO | FAX | CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DO CENTRO/SERVIZO/ESTABLECEMENTO

NOME COMERCIAL

TIPO DE VÍA | NOME DA VÍA | NÚMERO | BLOQUE | ANDAR | PORTA

CP | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

TELÉFONO | CORREO ELECTRÓNICO | PÁXINA WEB

DATOS DA PERSOA RESPONSABLE SANITARIA OU DIRECTOR TÉCNICO DO CENTRO/SERVIZO/ESTABLECEMENTO

NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

TITULACIÓN SANITARIA

TIPOLOXÍA DO CENTRO/SERVIZO/ESTABLECEMENTO

- ◯ C.1.1 Hospitais xerais.
- ◯ C.1.2 Hospitais especializados.
- ◯ C.1.3 Hospitais de media e longa estancia.
- ◯ C.1.4 Hospitais de saúde mental e tratamento de toxicomanías.
- ◯ C.1.90 Outros centros con internamento.
- ◯ C.2.3.1 Centros de saúde.
- ◯ C.2.3.2 Consultorios de atención primaria.
- ◯ C.2.5.2 Centros de reprodución humana asistida.
- ◯ C.2.5.3 Centros de interrupción voluntaria do embarazo.
- ◯ C.2.5.4 Centros de cirurxía maior ambulatoria.
- ◯ C.2.5.5 Centros de diálise.
- ◯ C.3 Servizos sanitarios integrados nunha organización non sanitaria: BALNEARIOS
- ◯ Outros (indicar):

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS

CVE-DOG: hddadp41-ofw5-djr4-4qr3-nxgqrovmo7b4

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO IA
(continuación)

TIPO DE UNIDADES ASISTENCIAIS NO CENTRO SANITARIO

- ☐ U.1 Medicina xeral/de familia.
- ☐ U.2 Enfermaría.
- ☐ U.3 Enfermaría obstétrico-xinecolóxica.
- ☐ U.4 Podoloxía.
- ☐ U.5 Vacinación.
- ☐ U.6 Alergoloxía.
- ☐ U.7 Cardioloxía.
- ☐ U.8 Dermatoloxía.
- ☐ U.9 Aparato dixestivo.
- ☐ U.10 Endocrinoloxía.
- ☐ U.11 Nutrición e Dietética.
- ☐ U.12 Xeriatría.
- ☐ U.13 Medicina interna.
- ☐ U.14 Nefroloxía.
- ☐ U.15 Diálise.
- ☐ U.16 Pneumoloxía.
- ☐ U.17 Neuroloxía.
- ☐ U.18 Neurofisioloxía.
- ☐ U.19 Oncoloxía.
- ☐ U.20 Pediatría.
- ☐ U.21 Cirurxía pediátrica.
- ☐ U.22 Coidados intermedios.
- ☐ U.23 Coidados intensivos neonatais.
- ☐ U.24 Reumatoloxía.
- ☐ U.25 Obstetricia.
- ☐ U.26 Xinecoloxía.
- ☐ U.27 Inseminación artificial.
- ☐ U.28 Fecundación in vitro.
- ☐ U.29 Banco de seme.
- ☐ U.30 Laboratorio de seme para captación espermática.
- ☐ U.31 Banco de embrións.
- ☐ U.32 Recuperación de oocitos.
- ☐ U.33 Planificación familiar.
- ☐ U.34 Interrupción voluntaria do embarazo.
- ☐ U.35 Anestesia e Reanimación.
- ☐ U.36 Tratamento da dor.
- ☐ U.37 Medicina intensiva.
- ☐ U.38 Queimados.
- ☐ U.39 Anxioloxía e cirurxía.
- ☐ U.40 Cirurxía cardíaca.
- ☐ U.41 Hemodinámica.
- ☐ U.42 Cirurxía torácica.
- ☐ U.43 Cirurxía xeral e dixestivo.
- ☐ U.44 Odontoloxía/Estomatoloxía.
- ☐ U.45 Cirurxía maxilofacial.
- ☐ U.46 Cirurxía plástica reparadora.
- ☐ U.47 Cirurxía estética.
- ☐ U.48 Medicina estética.
- ☐ U.49 Neurocirurxía.
- ☐ U.50 Oftalmoloxía.
- ☐ U.51 Cirurxía refractiva.
- ☐ U.52 Otorrinolaringoloxía.
- ☐ U.53 Uroloxía.
- ☐ U.54 Litotricia renal.
- ☐ U.55 Cirurxía ortopédica e Traumatoloxía.
- ☐ U.56 Lesionados medulares.
- ☐ U.57 Rehabilitación.
- ☐ U.58 Hidroloxía.
- ☐ U.59 Fisioterapia.
- ☐ U.60 Terapia ocupacional.
- ☐ U.61 Logopedia.
- ☐ U.62 Foniatría.
- ☐ U.63 Cirurxía maior ambulatoria.
- ☐ U.64 Cirurxía menor ambulatoria.
- ☐ U.65 Hospital de día.
- ☐ U.66 Atención sanitaria domiciliaria.
- ☐ U.67. Coidados paliativos.
- ☐ U.68 Urxencias.
- ☐ U.69 Psiquiatría.
- ☐ U.70 Psicoloxía clínica.
- ☐ U.71 Atención sanitaria a drogodependentes.
- ☐ U.72 Obtención de mostras.
- ☐ U.73 Análises clínicas.
- ☐ U.74 Bioquímica clínica.
- ☐ U.75 Inmunoloxía.
- ☐ U.76 Microbioloxía e Parasitoloxía.
- ☐ U.77 Anatomía patolóxica.
- ☐ U.78 Xenética.
- ☐ U.79 Hematoloxía clínica.
- ☐ U.80 Laboratorio de hematoloxía.
- ☐ U.81 Extración de sangue para doazón.
- ☐ U.82 Servizo de transfusión.
- ☐ U.83 Farmacia.
- ☐ U.84 Depósito de medicamentos.
- ☐ U.85 Farmacoloxía clínica.
- ☐ U.86 Radioterapia.
- ☐ U.87 Medicina nuclear.
- ☐ U.88 Radiodiagnóstico.
- ☐ U.89 Asistencia a lesionados e contaminados por elementos radiactivos e radiacións ionizantes.
- ☐ U.90 Medicina preventiva.
- ☐ U.91 Medicina educ. física e deporte.
- ☐ U.92 Medicina hiperbárica.
- ☐ U.93 Extración de órganos.
- ☐ U.94 Transplante de órganos.
- ☐ U.95 Obtención de tecidos.
- ☐ U.96 Implantación de tecidos.
- ☐ U.97 Banco de tecidos.
- ☐ U.98 Medicina aeronáutica
- ☐ U.99 Medicina do traballo.
- ☐ U.100 Transporte sanitario.
- ☐ U.101 Terapias non convencionais.
- ☐ U.900 Outras unidades asistenciais.

☐ Outros (indicar):

VALIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS

CVE-DOG: hddadp41-ofw5-djr4-4qr3-nxgqrovmo7b4

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO IA
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA OU DECLARA QUE ESTÁ EN PODER DA CONSELLERÍA

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTE.	ANO
☐ Copia do NIF para o caso de que o titular sexa unha persoa xurídica ou do DNI para o caso de que o titular sexa persoa física e non autorice a consulta no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.	☐			
☐ Acreditación do representante legal cando sexa o caso.	☐			
☐ Memoria descritiva en que conste: Actividade, instalacións, equipamento e tecnoloxía (detallado por unidades e/ou dependencias).	☐			
☐ Memoria técnica, que comprenderá: a) Planos de conxunto e de detalle que permitan a perfecta identificación e localización do centro ou servizo sanitario, con especificación de accesos tendo en conta a normativa de supresión de barreiras arquitectónicas, distribución de espazos segundo a finalidade e localización do equipamento sanitario. b) Relación de residuos tóxicos ou perigosos que se prevexa vai xerar a actividade e forma en que se van xestionar. c) No suposto de unidades móbiles de atención sanitaria, a memoria incluirá ademais, as especificacións técnicas, permiso de circulación e inspección técnica dos vehículos con que se prestarán os servizos.	☐			
☐ Relación de profesionais sanitarios que ten previsto incorporar a cada unidade asistencial, indicando a súa titulación.	☐			
☐ Xustificante de aboar a taxa correspondente.	☐			

Autorizo a Consellería de Sanidade, de conformidade co artigo 20.3º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012, pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, á consulta da documentación indicada anteriormente.
Así mesmo, declaro que a devandita documentación se mantén vixente na actualidade e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponden.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Para os efectos previstos na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, que:

1. Esta entidade titular dispón e comprometese a facilitar á Administración a seguinte documentación, que así o acredita e a manter dito cumprimento:
   1.a. Se o titular é persoa xurídica:
   - Escritura de constitución da sociedade.
   - Certificación de inscrición no Rexistro Mercantil.

   1.b. Documento acreditativo da propiedade ou dispoñibilidade xurídica do centro ou servizo sanitario: copia do contrato de arrendamento ou escritura de compravenda do local.
   1.c. No caso de balnearios disporán dun documento que acredite posuír os dereitos que comporta a concesión ou autorización de aproveitamento das augas minero-medicinais ou termais para usos terapéuticos, e a designación do perímetro de protección con plano de situación.

2. Esta entidade titular comprometese a comunicar calquera variación das condicións declaradas, así como calquera incidencia que puidese afectar á calidade das funcións que se van a desenvolver.

3. Esta entidade titular declara o compromiso do cumprimento dos requisitos previstos no anexo II do Decreto 12/2009 que lle resulten de aplicación, así como a lexislación específica se é o caso.

Para os efectos previstos no artigo 7.2º da citada Lei 17/2009, todos os datos declarados son certos.

Autorizo a Consellería de Sanidade, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade do solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas:

◉ SI ○ NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases xerais sobre autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios.
- Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios.
- Decreto 42/2014, do 27 de marzo, polo que se modifica o Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

_____ , ____ de _____ de _____

galicia

Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade de _____

VALIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS

CVE-DOG: hddadp41-ofw5-djr4-4qr3-nxgqrovmo7b4

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO IB

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AUTORIZACIÓN DE FUNCIONAMENTO/RENOVACIÓN/MODIFICACIÓN DE CENTROS, SERVIZOS E ESTABLECEMENTOS SANITARIOS	**SA101K**	**SOLICITUDE**

DATOS DA ENTIDADE TITULAR SOLICITANTE

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL | NIF

TIPO DE VÍA | NOME DA VÍA | NÚMERO | BLOQUE | ANDAR | PORTA

CP | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

TELÉFONO | FAX | CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

EN CALIDADE DE

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA | NOME DA VÍA | NÚMERO | BLOQUE | ANDAR | PORTA

CP | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

TELÉFONO | FAX | CORREO ELECTRÓNICO

TIPO DE AUTORIZACIÓN

- ☐ Funcionamento
- ☐ Renovación
- ☐ Modificación por traslado
- ☐ Modificación por cambio de estrutura
- ☐ Modificación por cambio de oferta asistencial
- ☐ Modificación por cambio de titularidade

DATOS DO CENTRO/SERVIZO/ESTABLECEMENTO

NOME COMERCIAL | NÚMERO DE REXISTRO SANITARIO *

TIPO DE VÍA | NOME DA VÍA | NÚMERO | BLOQUE | ANDAR | PORTA

CP | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

TELÉFONO | CORREO ELECTRÓNICO | PÁXINA WEB

(*) Soamente para a renovación ou modificación.

DATOS DA PERSOA RESPONSABLE SANITARIA OU DIRECTOR TÉCNICO DO CENTRO/SERVIZO/ESTABLECEMENTO

NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

TITULACIÓN SANITARIA

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS

CVE-DOG: hddadp41-ofw5-djr4-4qr3-nxgqrovmo7b4

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO IB
(continuación)

TIPOLOXÍA DO CENTRO/SERVIZO/ESTABLECEMENTO

- ◯ C.1.1 Hospitais xerais.
- ◯ C.1.2 Hospitais especializados.
- ◯ C.1.3 Hospitais de media e longa estancia.
- ◯ C.1.4 Hospitais de saúde mental e tratamento de toxicomanías.
- ◯ C.1.90 Outros centros con internamento.
- ◯ C.2.1 Consultas médicas.
- ◯ C.2.2 Consultas de outros profesionais sanitarios.
- ◯ C.2.3 Centros de atención primaria.
- ◯ C.2.3.1 Centros de saúde.
- ◯ C.2.3.2 Consultorios de atención primaria.
- ◯ C.2.4 Centros polivalentes.
- ◯ C.2.5 Centros especializados.
- ◯ C.2.5.1 Clínicas dentais.
- ◯ E. 3 Establecemento de ópticas.
- ◯ E. 4 Establecemento de ortopedia.
- ◯ C.2.5.2 Centros de reprodución humana asistida.
- ◯ C.2.5.3 Centros de interrupción voluntaria do embarazo.
- ◯ C.2.5.4 Centros de cirurxía maior ambulatoria.
- ◯ C.2.5.5 Centros de diálise.
- ◯ C.2.5.6 Centros de diagnóstico.
- ◯ C.2.5.7 Centros móbiles de asistencia sanitaria.
- ◯ C.2.5.8 Centros de transfusión.
- ◯ C.2.5.9 Bancos de tecidos.
- ◯ C.2.5.10 Centros de recoñecemento.
- ◯ C.2.5.11 Centros de saúde mental.
- ◯ C.2.5.90 Outros centros especializados.
- ◯ C.2.90 Outros provedores de asistencia sanitaria sen internamento.
- ◯ C.3 Servizos sanitarios integrados nunha organización non sanitaria.
- ◯ E. 5 Establecemento de audiopróteses.
- ◯ E.6 Outros establecementos sanitarios (especificar)
- ◯ Outros (indicar):

ACTIVIDADE TEMPORAL

DATA INICIO DATA FIN

TIPO DE UNIDADES ASISTENCIAIS NO CENTRO SANITARIO

- ☐ U.1 Medicina xeral/de familia.
- ☐ U.2 Enfermaría.
- ☐ U.3 Enfermaría obstétrico-xinecolóxica.
- ☐ U.4 Podoloxía.
- ☐ U.5 Vacinación.
- ☐ U.6 Alergoloxía.
- ☐ U.7 Cardioloxía.
- ☐ U.8 Dermatoloxía.
- ☐ U.9 Aparato dixestivo.
- ☐ U.10 Endocrinoloxía.
- ☐ U.11 Nutrición e Dietética.
- ☐ U.12 Xeriatría.
- ☐ U.13 Medicina interna.
- ☐ U.14 Nefroloxía.
- ☐ U.15 Diálise.
- ☐ U.16 Pneumoloxía.
- ☐ U.17 Neuroloxía.
- ☐ U.18 Neurofisioloxía.
- ☐ U.19 Oncoloxía.
- ☐ U.20 Pediatría.
- ☐ U.21 Cirurxía pediátrica.
- ☐ U.22 Coidados intermedios.
- ☐ U.23 Coidados intensivos neonatais.
- ☐ U.24 Reumatoloxía.
- ☐ U.25 Obstetricia.
- ☐ U.26 Xinecoloxía.
- ☐ U.27 Inseminación artificial.
- ☐ U.28 Fecundación in vitro.
- ☐ U.29 Banco de seme.
- ☐ U.30 Laboratorio de seme para captación espermática.
- ☐ U.31 Banco de embrións.
- ☐ U.52 Otorrinolaringoloxía.
- ☐ U.53 Uroloxía.
- ☐ U.54 Litotricia renal.
- ☐ U.55 Cirurxía ortopédica e Traumatoloxía.
- ☐ U.56 Lesionados medulares.
- ☐ U.57 Rehabilitación.
- ☐ U.58 Hidroloxía.
- ☐ U.59 Fisioterapia.
- ☐ U.60 Terapia ocupacional.
- ☐ U.61 Logopedia.
- ☐ U.62 Foniatría.
- ☐ U.63 Cirurxía maior ambulatoria.
- ☐ U.64 Cirurxía menor ambulatoria.
- ☐ U.65 Hospital de día.
- ☐ U.66 Atención sanitaria domiciliaria.
- ☐ U.67. Coidados paliativos.
- ☐ U.68 Urxencias.
- ☐ U.69 Psiquiatría.
- ☐ U.70 Psicoloxía clínica.
- ☐ U.71 Atención sanitaria a drogodependentes.
- ☐ U.72 Obtención de mostras.
- ☐ U.73 Análises clínicas.
- ☐ U.74 Bioquímica clínica.
- ☐ U.75 Inmunoloxía.
- ☐ U.76 Microbioloxía e Parasitoloxía.
- ☐ U.77 Anatomía patolóxica.
- ☐ U.78 Xenética.
- ☐ U.79 Hematoloxía clínica.
- ☐ U.80 Laboratorio de hematoloxía.
- ☐ U.81 Extración de sangue para doazón.
- ☐ U.82 Servizo de transfusión.

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS

CVE-DOG: hddadp41-ofw5-djr4-4qr3-nxgqrovmo7b4

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO IB
(continuación)

- ☐ U.32 Recuperación de oocitos.
- ☐ U.33 Planificación familiar.
- ☐ U.34 Interrupción voluntaria do embarazo.
- ☐ U.35 Anestesia e Reanimación.
- ☐ U.36 Tratamento da dor.
- ☐ U.37 Medicina intensiva.
- ☐ U.38 Queimados.
- ☐ U.39 Anxioloxía e cirurxía.
- ☐ U.40 Cirurxía cardíaca.
- ☐ U.41 Hemodinámica.
- ☐ U.42 Cirurxía torácica.
- ☐ U.43 Cirurxía xeral e dixestivo.
- ☐ U.44 Odontoloxía/Estomatoloxía.
- ☐ U.45 Cirurxía maxilofacial.
- ☐ U.46 Cirurxía plástica reparadora.
- ☐ U.47 Cirurxía estética.
- ☐ U.48 Medicina estética.
- ☐ U.49 Neurocirurxía.
- ☐ U.50 Oftalmoloxía.
- ☐ U.51 Cirurxía refractiva.
- ☐ U.83 Farmacia.
- ☐ U.84 Depósito de medicamentos.
- ☐ U.85 Farmacoloxía clínica.
- ☐ U.86 Radioterapia.
- ☐ U.87 Medicina nuclear.
- ☐ U.88 Radiodiagnóstico.
- ☐ U.89 Asistencia a lesionados e contaminados por elementos radiativos e radiacións ionizantes.
- ☐ U.90 Medicina preventiva.
- ☐ U.91 Medicina educ. física e deporte.
- ☐ U.92 Medicina hiperbárica.
- ☐ U.93 Extración de órganos.
- ☐ U.94 Transplante de órganos.
- ☐ U.95 Obtención de tecidos.
- ☐ U.96 Implantación de tecidos.
- ☐ U.97 Banco de tecidos.
- ☐ U.98 Medicina aeronáutica.
- ☐ U.99 Medicina do traballo.
- ☐ U.100 Transporte sanitario.
- ☐ U.101 Terapias non convencionais.
- ☐ U.900 Outras unidades asistenciais.
- ☐ Outros (indicar):

TIPO DE SERVIZO EN ESTABLECEMENTOS SANITARIOS

ORTOPEDIAS

☐ Venda ☐ Fabricación a medida ☐ Adaptación individual

AUDIOPRÓTESIS

☐ Nenos ☐ Adultos

ÓPTICAS

☐ Optometría ☐ Contactoloxía ☐ Taller

DATOS DOS PROFESIONAIS SANITARIOS VINCULADOS A CADA UNIDADE ASISTENCIAL OU SERVIZO

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

UNIDADE | TITULACIÓN SANITARIA

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

UNIDADE | TITULACIÓN SANITARIA

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

UNIDADE | TITULACIÓN SANITARIA

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

UNIDADE | TITULACIÓN SANITARIA

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

UNIDADE | TITULACIÓN SANITARIA

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS

CVE-DOG: hddadp41-ofw5-djr4-4qr3-nxgqrovmo7b4

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO IB
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA OU DECLARA QUE ESTÁ EN PODER DA CONSELLERÍA

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTE.	ANO
☐ Copia do NIF para o caso de que o titular sexa unha persoa xurídica ou do DNI para o caso de que o titular sexa persoa física e non autorice a consulta no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.	☐			
☐ Acreditación do representante legal cando sexa o caso.	☐			
☐ Planos de distribución dos espazos segundo a finalidade e localización do equipamento sanitario.	☐			
☐ Memoria en que se especifique: actividades ou servizos que se van prestar, días de apertura, horario, equipamentos e infraestruturas necesarias para realizar a oferta asistencial, así como regulamentación de funcionamento.	☐			
☐ Designación e aceptación do responsable do centro/servizo ou responsable técnico do establecemento, o cal deberá acreditar a capacidade mediante a correspondente titulación oficial ou cualificación profesional para o desenvolvemento desta función.	☐			
☐ Documentación que acredite a vinculación entre o persoal sanitario e o centro/servizo/establecemento sanitario.	☐			
☐ Copia da titulación académica ou habilitación profesional do persoal que o faculte para levar a cabo as actividades sanitarias para as que se solicita autorización.	☐			
☐ Documentación acreditativa dos concertos ou vinculación con outras unidades ou servizos, en caso de resultar necesario para a atención dos pacientes (con laboratorio de análises para os puntos de extracción, con oficina de farmacia ou servizo de farmacia para os depósitos de medicamentos, con outros centros ou servizos autorizados).	☐			
☐ Memoria explicativa do manexo e custodia das historias clínicas.	☐			
☐ Memoria de esterilización.	☐			
☐ Xustificante de aboar a taxa correspondente.	☐			
☐ Outros documentos exixidos pola lexislación sanitaria e/ou específica.	☐			

Autorizo a Consellería de Sanidade, de conformidade co artigo 20.3º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012, pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, á consulta da documentación indicada anteriormente.
Así mesmo, declaro que a devandita documentación se mantén vixente na actualidade e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponden.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Para os efectos previstos na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, que:

1. Esta entidade titular dispón e se compromete a facilitar á Administración a seguinte documentación, que así o acredita e a manter dito cumprimento:
   1.a. Se o titular é persoa xurídica:
   - Escritura de constitución da sociedade.
   - Certificación de inscrición no Rexistro Mercantil.

   1.b. Documento acreditativo da propiedade ou dispoñibilidade xurídica do centro/servizo/establecemento sanitario: copia do contrato de arrendamento ou escritura de compravenda do local.
   1.c. Documentación que acredite o aseguramento da responsabilidade civil do centro/servizo/establecemento e dos profesionais.
   1.d. Contrato de xestión de residuos cun xestor autorizado pola consellería competente en materia de ambiente e presentar o Plan de Xestión de Residuos na Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública.
   1.e. No caso de dispoñer de sistemas de diagnóstico por imaxe ou instalacións de radiodiagnóstico, disporán:
   - Inscrición no Rexistro de Equipamentos e Instalacións de RX con fins de diagnóstico médico da Consellería de Industria.
   - Certificado dos controis das instalacións efectuados pola Unidade Técnica de Protección Radiolóxica.
   - Documento acreditativo do título de operador/director de instalacións radiolóxicas.
   - Documento de presentación do Programa de garantía de calidade.
   - Caso de dispoñer de instalacións de radioterapia: autorización de posta en funcionamento concedida polo Consello de Seguridade Nuclear.

   1.f. Cando se trate dun establecemento de ortopedia ou óptica que dispense produtos que fabrica á medida, disporá da licenza sanitaria de funcionamento outorgada pola correspondente xefatura provincial da Consellería de Sanidade.
   1.g. Inscrición do Ficheiro de datos na Axencia de Protección de Datos.

2. Esta entidade titular se compromete a comunicar calquera variación das condicións declaradas, así como calquera incidencia que puidese afectar á calidade das funcións que se van a desenvolver. Así como manter actualizado no expediente administrativo o cadro de persoal sanitario do centro/servizo/establecemento sanitario.

3. Esta entidade titular declara o cumprimento dos requisitos técnico-sanitarios previstos no anexo II do Decreto 12/2009 que lle resulten de aplicación, así como a lexislación específica se é o caso.

Para os efectos previstos no artigo 7.2º da citada Lei 17/2009, todos os datos declarados son certos.

OBSERVACIÓNS

VÁLIDO SOLO PARA EFECTOS INFORMATIVOS

CVE-DOG: hddadp41-ofw5-djr4-4qr3-nxgqrovmo7b4

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO IB
(continuación)

Autorizo a Consellería de Sanidade, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade do solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

(•) SI ( ) NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases xerais sobre autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios.
- Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios.
- Decreto 42/2014, do 27 de marzo, polo que se modifica o Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

_____ , _____ de _____ de _____

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS

galicia

Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade de _____

CVE-DOG: hddadp41-ofw5-djr4-4qr3-nxgqrovmo7b4

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO IC

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PECHE DE CENTROS, SERVIZOS E ESTABLECEMENTOS SANITARIOS	**SA101L**	**SOLICITUDE**

DATOS DA ENTIDADE TITULAR SOLICITANTE

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL | NIF

TIPO DE VÍA | NOME DA VÍA | NÚMERO | BLOQUE | ANDAR | PORTA

CP | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

TELÉFONO | FAX | CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

EN CALIDADE DE

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA | NOME DA VÍA | NÚMERO | BLOQUE | ANDAR | PORTA

CP | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

TELÉFONO | FAX | CORREO ELECTRÓNICO

TIPO DE AUTORIZACIÓN

☐ Peche — DATA PREVISTA DE PECHE

DATOS DO CENTRO/SERVIZO/ESTABLECEMENTO

NOME COMERCIAL | NÚMERO DE REXISTRO SANITARIO

TIPO DE VÍA | NOME DA VÍA | NÚMERO | BLOQUE | ANDAR | PORTA

CP | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

TELÉFONO | CORREO ELECTRÓNICO | PÁXINA WEB

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Para os efectos previstos na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, que esta entidade titular dispón e comprométome a facilitar á Administración se así o require o plan de peche e o procedemento de conservación da documentación clínica xerada mentres estivo en funcionamento, de conformidade co previsto na normativa vixente.

Para os efectos previstos no artigo 7.2º da citada Lei 17/2009, todos os datos declarados son certos.

Autorizo a Consellería de Sanidade, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade do solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

◉ SI ○ NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS

CVE-DOG: hddadp41-ofw5-djr4-4qr3-nxgqrovmo7b4

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO IC
(continuación)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases xerais sobre autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios.
- Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios.
- Decreto 42/2014, do 27 de marzo, polo que se modifica o Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS

galicia

Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade de

CVE-DOG: hddadp41-ofw5-djr4-4qr3-nxgqrovmo7b4